


PEZA DO MES

febreiro

2025



EL HERALDO GALLEGO

El Heraldo Gallego

A biblioteca do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense conta entre os fondos da Comisión de Monumentos cunha colección en seis tomos anuais do xornal clave na historia cultural do Rexurdimento, *El Heraldo Gallego*. Comeza o 1 de xaneiro de 1874 e remata o 23 de outubro de 1880 co número 408, que debía ser o 409 pois o 370 está repetido. O xornal naceu como semanario e logo oscilou entre bisemanal en 1876, quincenal entre 1877-79, para rematar bisemanal en 1880. O formato, 28 x 20 o primeiro ano e 30 x 21 o resto; con oito páxinas a dúas columnas. Os tres primeiros volumes levan un índice final por autores. A terminación, abrupta, pois en artigos do derradeiro exemplar sinalan «se continuará».

O xornal, moi maioritario en castelán e co galego centrado na poesía, tivo varios subtítulos: «Semnario de Ciencias, Artes y Literatura», «Semnario de Ciencias, Literatura y Artes», «Revista bisemanal de ciencias, artes, industria y comercio», e incluíu nuns poucos números na portada o seu lema «Galicia ante todo», «Galicia sobre todo» e no medio, o «Deus fratesque Gallaecia». No número 110, do 26 de xaneiro de 1876, aparecerá o definitivo cabezal: un gravado sobre obra do pintor Federico Guisasola y Lasala (1830-1882), discípulo de Madrazo asentado en Pontevedra, que representa monumentos de Galicia, fontes da riqueza e atributos das ciencias, artes e literatura, reunidos ao redor dun busto do Padre Feijoo.

Houbo tamén unha ducia de gravados a comezos de 1877; algúns realizados ex profeso para *El Heraldo*. Entre eles as primeiras vistas de San Pedro de Rocas, do Castelo de Sandiás, da Torre de Pena, do Mosteiro de Oseira ou dos Codos de Larouco. Destaquemos, tamén, a lámina con imaxes das pinturas do dolmen de Codesás, incluída no número do 21 de maio de 1874 para complementar a primeira noticia sobre arte megalítica galega, de dúas semanas antes.

O director do xornal foi sempre Valentín Lamas Carvajal e a administración estivo en Lepanto 18, agás os 10 primeiros números. Os dous primeiros anos pasou por varias imprentas: a da viúva de Lozano, na rúa de San Pedro 4; na propia de *El Heraldo*, a cargo de Antonio Acevedo Prieto, en Hernán Cortés 17 e logo na Praza Maior; a de Pilar Sidarol, a cargo de Ramón Lozano, de novo na rúa de San Pedro; despois na Imprenta Gallega –logo de José María Ramos– na rúa Colón 16. Desde 1876 será sempre a imprenta Propaganda Gallega, sita na propia Lepanto 18, onde

tamén se editará baixo a súa dirección, *O Tío Marcos d'a Portela*, xornal monolingüe, redactado en rexistro oral e enfocado a un público popular.

El Heraldo é a punta de lanza culta do rexionalismo auriense durante uns anos clave na Restauración. Madurará co tempo en canto a colaboracións, pero mantén sempre unha liña clara de defensa do progreso económico e social do país, da súa lingua e a súa cultura e cuns mínimos cambios organizativos na figura de seccións máis definidas como «Revista de la prensa de Galicia», «Variedades», «Miscelánea» –lugares de numerosas polémicas– «Conocimientos útiles», «Crónica madrileña» e «Ecos de Orense» ou «Crónica orensana», imprescindibles para seguirmos a vida cultural, social, e política, do comercio, das obras públicas, do Liceo, do Casino, do Teatro, das festas populares ou das elites.

Precedeuno no compromiso rexionalista en Vigo, *La Oliva* (1856-1873) –transmutado en *El Miño*, entre 1857 e 68–, mentres que *La ilustración gallega y asturiana* (1879-1882) e *Revista Gallega* (1895-1907) serán de inicio máis tardío.

A través de *El Heraldo Gallego* –e logo de *O tío Marcos d'a Portela* (1876-1880 e 1883-1889) e de *El Eco de Orense* (1880-1906), Lamas posibilitou a expresión dun núcleo cultural moi activo con presenza de colaboradores da Comisión de Monumentos de Ourense, profesores no instituto, médicos, avogados e xornalistas, que promoveron actividades sociais, concursos literarios, exposicións, etc., ao tempo que proxectaban Ourense en Galicia e abrían as súas portas a foráneos.

Como sinala o profesor Jesús de Juana, *El Heraldo* correspóndese coa segunda etapa política de Lamas, a do seu «populismo galeguista». Despois duns inicios comprometidos coa I República na súa época de estudante en Santiago e defraudado da política, céntrase na defensa aberta de Galicia, cun discurso moi comprometido pero á marxe dos partidos. Tal sinala no editorial primeiro («Lo que somos y a que venimos») e en recordatorios constantes. A evolución ideolóxica de Lamas, despois de *El Heraldo*, seguímola en *El Eco de Orense*, xornal do que acabou sendo o director e propietario, cun progresivo distanciamento das ideas liberais que propugnara o fundador, Vicente Pérez.

El Heraldo Gallego terá un amplo elenco de colaboradores con coñecementos e opinións en áreas moi diversas, moi avanzadas para o momento: a navegación aérea (Antonio Valcárcel Quiroga),

a enerxía solar e outros varios de ciencias (José Rodríguez Mourelo), a educación da muller (Enrique Otero), a tuberculose (Segundo Feijoo Montenegro), a potencia termal de Ourense (Ramón Otero), a presenza galega nas exposicións internacionais de Londres e Viena (Daniel Vázquez Boo, Antonio Gaité Núñez), as exposicións rexionais de Lugo e Santiago, (Paz Nóvoa), etc. Tamén será lugar de relatos de viaxes (Alemaña, Suiza, Oriente europeo, illas gregas), de comunicación de tendencias mundiais, adiantos que poidan ter aplicación útil, e posicionamento ante temas como a liberdade de imprenta (Ramón Caamaño García) ou contra a pena de morte (Ramón García Vicetto).

Unha revista rexionalista, por esencia, non está tan envorcada como outra nacionalista ás cuestións de pura identidade. Porén, *El Heraldo Gallego*, tamén neste tema ten un enorme valor fundacional. Así hai series de moitos capítulos como «Galería de gallegos ilustres», «Antigüedades de Orense» e «Crónica de Orense. Episodios de la Edad Media», de Ramón Barros Sivelo; «Galicia musical» de José María Varela Silviri; «Una visita a la ría de Vigo», de Murguía; «Apuntes históricos sobre algunos monasterios de Galicia», de J. Salgado Rodríguez; «Galicia pintoresca» de Benito Vicetto; «Necesidad de escribir la historia de la filosofía en Galicia», de Salustio Víctor Alvarado; «Disquisición histórica geográfica de las regiones meridionales de Galicia», de Benito Fernández Alonso; «Recuerdos históricos de Galicia», de Teodosio Vesteiro Torres; «Discurso acerca de la situación del Monte Medulio...» de José Villaamil y Castro; ou «Galicia y sus detractores», de Manuel Comellas.

Destacables son os números especiais e as coroas poéticas en honra de determinados personaxes (Casto Méndez Núñez, Francisco Añón, Benito Vicetto, ou Ramón Rúa Figueroa) e tamén a súa participación activa en varias iniciativas en pro da asociación dos medios de comunicación galegos.

O equipo de redacción inicial estaba composto por Lamas, Curros Enríquez, Arturo Vázquez Núñez e Jesús Muruais. Nos artigos sen sinatura, «de redacción», fíxase a posición sobre cuestións públicas e sociais –como as obras do tren, da traída de augas da Loña, o problema do viño, etc.– pero tamén sobre moralidade e bos usos e costumes.

As sinaturas representan a práctica totalidade da intelectualidade galega do Rexurdimento (Francisco Añón, Ramón Barros Sivelo, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, José García Mosquera, Benito Losada, Manuel Murguía, Andrés Muruais, José

Ogea, Juan Manuel Paz, José Pérez Ballesteros, Juan Manuel Pintos, Camilo Placer Bouzo, Eduardo Pondal, Ventura Ruiz y Aguilera, Juan Antonio Saco y Arce, Teodosio Vesteiro Torres, Benito Vicetto, Alfredo Vicenti, Luis Taboada, Ramón Rúa Figueroa...). Nalgún número sinala correspondentes en Cuba e Puerto Rico (Alejandro Chao y Gabriel Otero), indicando que teñen máis de 100 subscritores, dos 600 que se lle supoñen ao xornal. Tamén son fluídas as informacións que chegan de Madrid –vía Vesteiro Torres–, de Lugo –vía Manuel Castro López– e de Vigo e Pontevedra.

É moi significativa a presenza feminina, tanto de colaboradoras como nas temáticas dos artigos. Cremos determinante no asunto a influencia de Rosina Sánchez, a esposa, ollos e pluma, de Lamas. Rosalía de Castro publica oito poemas, algún de *Follas Novas*, xa en 1874; Emilia Pardo Bazán contribúe con obra propia e traducións; Sofía Tartilán terá unha sección de moda; pero a máxima colaboradora será de inicio a fin Emilia Calé Torres de Quintero, anfitriña das xuntanzas de galegos en Madrid, coa súa obra poética e infatigable tradutora de poesías de varias linguas europeas. Outras escritoras que participan serán Filomena Dato, Rita Corral, Luisa Velaviña, Concepción Gimeno, Narcisa Pérez Royo e Josefa Ugarte Barrientos.

El Heraldo constituíu un vehículo clave na promoción da lingua galega. Hai, por exemplo, os primeiros ensaios críticos de literatura por Saco y Arce, ou o comentario a *Follas Novas* de Lamas Carvajal e varios artigos específicos e reivindicativos sobre a cuestión. Destaca a publicación das traducións das composicións clásicas «Stabat Mater» por Saco y Arce, do «Beatus Ille» por García Mosquera, ou do «Salmo 103 de David» por Ballesteros. Tamén os artigos de Manuel Colmellas «Recreacións científicas», reivindicadoras da lingua na ciencia.

Valentín Lamas Carvajal publicará varios poemas claves na súa traxectoria, moitos dos recollidos logo nos seus libros *Espiñas, follas e flores* (1875) e *Saudades Gallegas* (1880). Desde o primeiro «Desconsolo de nay», en febreiro de 1874, ata os poemas «independentistas» de homenaxe a Pardo de Cela ou de varios dos recollidos nas súas *Dez cartas aos gallegos* con motivo da exposición rexional de 1875 e que, xunto coa firme aposta pola lingua galega, cremos que están na raíz da malquerenza de Murguía.

En definitiva, *El Heraldo Gallego*, baixo a batuta destemida de Lamas Carvajal, é un xornal clave no impulso ao Rexurdimento, que precisa dunha monografía ampla con índices temáticos e nominais para situalo no sobranceiro lugar que merece.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

musarqourense
museo arqueolóxico provincial de Ourense

